

ACORDO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E CAIXA EMPREENDEDOR XXI (grupo CaixaBank) PARA A ORGANIZACIÓN DO PREMIO Emprendedor XXI

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente da Oficina Competitiva Igape Nova (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar con **CAIXA EMPREENDEDOR XXI (en adiante grupo CaixaBank)**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de **un ano** dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Organizar conxuntamente a concesión do Premio EmprendedorXXI para a comunidade autónoma de Galicia, como recoñecemento ás novas empresas innovadoras con maior potencial de crecemento da devandita comunidade autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

IGAPE ten entre os seus obxectivos o fomento da difusión da cultura emprendedora, sendo competente para desenvolver medidas de apoio ao fomento do espírito emprendedor e á creación e crecemento de empresas innovadoras, entre as que se contemplan as tendentes a favorecer o recoñecemento social dos emprendedores e a fomentar unha imaxe positiva do empresario.

CaixaBank busca, a través do seu filial CAIXA EMPREENDEDOR XXI, colaborar na xeración da riqueza e das condicións adecuadas para o correcto funcionamento do mercado a través do apoio á creación e o crecemento de empresas, e incentivando para iso o emprendemento, con especial acento en empresas de carácter innovador.

CaixaBank, a través do seu filial CAIXA Emprendedor XXI S.A.U., promove, desde 2007, o Premio EmprendedorXXI, co obxectivo recoñecer e premiar ás empresas innovadoras de recente creación con maior potencial de crecemento. O premio EmprendedorXXI está cootorgado co Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da Empresa Nacional de Innovación, S.A. (ENISA) e conta coa colaboración de institucións e/ou organismos rexionais vinculados a estas actividades.

Este acordo supón a continuidade do asinado o 20 de maio de 2013 entre as mesmas partes, prorrogado sucesivamente ata o ano 2018.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela